# Guía para o profesorado: principais novidades en Moodle 4.5.

## Contido

Introdución ........ 2

Cambios na interface ........ 2

Accións masivas ........ 2

Seccións personalizadas ........ 3

Crear contido rapidamente ........ 3

Crear subseccións ........ 4

Tarefas ........ 4

Foro ........ 8

Probas ........ 9

Banco de preguntas ........ 11

Cualificacións ........ 13

Contacto ........ 15

# *Introdución*

Comprácenos anunciar que actualizamos a plataforma MooVi á versión 4.5. Esta actualización trae diversos cambios e novas funcionalidades que esperamos faciliten o traballo docente e melloren a experiencia de ensino-aprendizaxe.

Neste titorial guiarémoste a través dos cambios máis importantes que atoparás ao usar esta nova versión.

# *Cambios na interface*

## *Accións masivas*

Activando as accións masivas, podes eliminar, mover, facer duplicado, ocultar ou cambiar masivamente a visibilidade desde o pé de páxina. Esta opción aparece activando o modo edición na parte superior dereita do curso:



## *Seccións personalizadas*

Desaparece o formato *Temas*, agora existe o formato de *Seccións personalizadas*:




Este é o formato predeterminado, pero pode cambiarse desde os axustes do curso.

## *Crear contido rapidamente*

Co modo edición activado, pódese engadir unha actividade ou recurso en calquera parte da páxina principal do curso:



## *Crear subseccións*

Unha subsección compórtase do mesmo xeito que unha sección normal, pero pode colocarse en calquera lugar dentro das seccións do curso.

Nesta versión, co modo de edición activado, permite engadir actividades ou recursos e subseccións en calquera parte dunha sección:




## *Tarefas*

Na configuración da tarefa existe unha nova opción para conceder intentos adicionais (a partir de 2 tentativas permitidas) de forma automática:




Os intentos máximos determina cantas veces pode reenviar a tarefa o alumnado, ao escoller automaticamente, despois de cada intento concédese automaticamente un novo intento.

Nas tarefas tamén actualizaron a interface de revisión de entregas.

Un dos cambios, é na **visualización das entregas**. Na versión 4.1 hai un botón de ver as entregas na propia tarefa:




E na versión 4.5 ese botón desaparece e hai unha nova pestana de "**entregas**":




Premendo en "entregas" podes visualizar a listaxe do alumnado coas entregas, o seu estado, a última modificación, as entregas etc.

---

Fíxate que agora non aparece o botón de cualificación directamente, na columna de "cualificación" tes que **despregar os puntos** e seleccionar "cualificación":

---




Tamén hai un  novo menú de accións ubicado na parte superior para un acceso máis rápido e na parte inferior ao seleccionar aos estudantes:




Nese menú inferior engadiuse unha nova función de **mensaxería de tarefas** que permite ao profesorado enviar mensaxes aos estudantes desde a páxina de cualificar a tarefa.




# *Foro*

Está dispoñible unha nova funcionalidade nos foros configurados con grupos de "Publica unha copia a todos os grupos" directamente na pantalla ao engadir unha publicación no foro:



## *Probas*

As probas (*cuestionarios*) presentan as seguintes novidades:

- Editar a numeración coa que aparecen as preguntas:




- Nova funcionalidade de recualificar intentos:



Agora podes recualificar unha preguna ou preguntas específicas sen necesidade de volver cualificar todo a proba. Isto é útil cando se detecta un erro na configuración dunha pregunta, permitindo corrixir unicamente os elementos afectados sen ter que volver cualificar todo o cuestionario.

- Hai unha nova función desde o propio cuestionario, desde a pestana de "preguntas" que permite **engadir un elemento de cualificación**:




Esta nova funcionalidade permite obter valoracións separadas por elementos temáticos, ademais da cualificación global da proba. Ao ter as preguntas categorizadas con estes ítems, os resultados da proba ofrecen unha análise máis detallada do rendimento do alumnado e permite identificar en que elementos precisan mellorar. Na táboa dos intentos aparecen eses ítems:




E tamén ao estudante::



2223-BIB1241 / Módulo 3. Como encontrar información para un traballo académico / Cuestionario Módulo 3

**Cuestionario Módulo 3**

| | |
|---|---|
| **Estado** | Finalizado |
| **Comenzado** | jueves, 22 de mayo de 2025, 14:10 |
| **Completado** | jueves, 22 de mayo de 2025, 14:11 |
| **Duración** | 1 minutos 12 segundos |
| **vocabulario** | **1,66** de 4,98 |
| **gramatica** | **2,21** de 4,98 |
| **Puntos** | 7,19/19,92 |
| **Calificación** | **9,03** de 25,00 (**36,11**%) |

## *Banco de preguntas*

O banco de preguntas presenta as seguintes novidades:

- Novo buscador avanzado de preguntas:




- Permite mover, quitar ou redimensionar columnas para personalizar a táboa de información de cada pregunta:




- As categorías pódense arrastrar e soltar para cambiar a súa orde. Aparece tamén un menú de edición en cada categoría: mover, editar os axustes, exportar ou borrar:




- Hai un **novo tipo de pregunta "Pór en orde"**, que se pode empregar para ordenar un conxunto de palabras, frases ou imaxes:




## *Cualificacións*

A sección de cualificacións presenta as seguintes novidades:

- Un buscador de estudantes:




- Pódense contraer columnas do informe do cualificador:




- Nos axustes do libro hai unha nova columna de estado que informa sobre o estado de cada elemento (oculto, bloqueado etc.). Para engadir un novo elemento ou categoría aparece o botón "engadir" na parte superior dereita:



## *Contacto*

Esperamos que esta guía che sexa de utilidade para adaptarte ás novas funcionalidades e melloras desta versión.

En caso de dúbidas ou incidencias, contacta con soporte.moovi@uvigo.gal